



## **BASES REGULADORAS PARA A PARTICIPACION NO “PROGRAMA BOLSEIROS de VERÁN 2026” DO CONCELLO DE OZA-CESURAS PARA ESTUDANTES UNIVERSITARIOS e/ou CICLO SUPERIOR DE FP**

### **Primeira. Natureza, obxecto e créditos orzamentarios**

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública para a participación no “PROGRAMA BOLSEIROS de VERÁN 2026” que efectúa o Concello de Oza-Cesuras para estudantes universitarios e/ou dun ciclo superior da FP, como acción de recoñecemento e impulso dos seus estudos. A programa terá unha duración estimada de dous meses. A data de inicio estará entre os días 26 de xuño e 1 de xullo do corrente ano, e a de fin en ningún caso será posterior ao 31 de agosto do 2026.

O dito programa será financiado con cargo á dotación orzamentaria do exercicio 2026 existente na partida 326.48000 por importe de 7.000 €

### **Segunda. Beneficiarios, requisitos e xeito de acreditación.**

Para participar neste programa deberán reunirse os seguintes requisitos:

2.1.- Estar empadroadado ininterrompidamente no Concello de Oza-Cesuras cunha antigüidade mínima de seis meses. Esta circunstancia que deberá cumprirse no último día do prazo de presentación de solicitudes, e será comprobada de oficio polos servizos municipais.

2.2.- Ter estado matriculado en ensino universitario, ou ciclo superior de FP no curso 2025/2026. Esta circunstancia acreditarase mediante fotocopia da matrícula.

2.3.- Compromiso de continuidade de estudos no ano 2026/2027, agás que no curso 2025/2026 se estivese matriculado no último ano dos correspondentes estudos.

2.4.- Ter unha idade comprendida entre os 18 e os 25 anos (ambos incluídos).

2.5.- Tendo en conta que algún dos seleccionados colaborarán no campamento de verán “Concilia 2026” organizado por este concello deberán acreditar que carecen de antecedentes penais por delitos sexuais.



### **Terceira. Criterios de selección.**

O número máximo de participantes será de 8 estudantes.

A selección será por rigorosa orden de inscrición sempre que as solicitudes estean completas e se acredite o cumprimento dos requisitos para participar en dito programa.

### **Cuarta. Órgano competente**

O órgano competente para a concesión das bolsas é o Alcalde-Presidente ou órgano no que delegue.

### **Quinta. Prazo de presentación de solicitudes e documentación a xuntar**

5.1.- O prazo de presentación de solicitudes rematará o vindeiro 17 xuño de 2026 e comezará ao día seguinte da publicación das bases na páxina web do Concello.

5.2.- As solicitudes deberán formularse segundo o modelo oficial que figura como Anexo I dirixido ao Sr. Alcade do Concello de Oza-Cesuras, e que se presentará no Rexistro Xeral do Concello de Oza-Cesuras, en calquera das sedes de Oza dos Ríos e Cesuras, telemáticamente na sede electrónica do Concello de Oza-Cesuras, con certificado dixital, ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP). No suposto de que a instancia non se presente no Rexistro Xeral do Concello o solicitante deberá remitir copia da solicitude ao Fax 981 792025 antes do remate do prazo de presentación das solicitudes.

Á solicitude deberá acompañarse os seguintes documentos:

- Impreso de solicitude debidamente cuberto, no que se asinará unha declaración de que a documentación presentada concorda cos orixinais, que terá que ter no seu poder no prazo de catro anos para calquera comprobación que se lle requira.

- Documento acreditativo da personalidade (DNI, pasaporte, NIE)

- Resgardo da matrícula do curso 2025/2026.

- Certificado do núm. de conta bancaria a nome do beneficiario onde realizar o ingreso da bolsa.



- Certificado que acredite que carece de antecedentes penais por delitos sexuais.

-Agás que no curso 2025/2026 se estivese matriculado no último ano dos correspondentes estudos deberá achegarse **compromiso** de continuidade de estudos no ano 2026/2027 (Anexo II)

## Sexta. Recursos

A resolución que resolva o procedemento poñerá fin á vía administrativa e, contra a mesma o interesado poderá interpor os recursos que se indican a continuación:

1. Recurso potestativo de reposición, ante o órgano que ditou o acto recorrido, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte a aquel no que se notifique ou publique a resolución, de conformidade co establecido nos artigos 112 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo común das Administración Públicas.
2. Directamente, recurso contencioso administrativo, ante o órgano competente da xurisdición do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses a contar dende o seguinte a aquel no que se notifique ou publique a resolución, en aplicación do disposto no artigo. 46 da Lei 29/1998, de 13 xullo, Reguladora da Xurisdición do Contencioso Administrativo.
3. Todo elo, sen prexuízo de que o interesado interpoña calquera outro recurso que estime pertinente.

En Oza-Cesuras, na data da sinatura electrónica

O Alcalde,

José Pablo González Cacheiro



**ANEXO I**  
**SOLICITUDE**

**DATOS DO/A SOLICITANTE**

<b>Nome e apelidos</b>		<b>NIF/NIE</b>	
<b>Enderezo</b>			
<b>Concello</b>		<b>C.P.</b>	
<b>Teléfono fixo</b>		<b>Teléfono móbil</b>	
<b>Mes/Meses de participación</b>			

- Actuando en nome propio.
- Representado, en calidade de \_\_\_\_\_ a:

<b>Nome e apelidos</b>		<b>NIF/NIE</b>	
<b>Enderezo</b>			
<b>Concello</b>		<b>C.P.</b>	
<b>Teléfono fixo</b>		<b>Teléfono móbil</b>	
<b>Mes/Meses de participación</b>			

**SOLICITA:**

Que se teña en conta a presente solicitude para optar á participar no “PROGRAMA BOLSEIROS de VERÁN 2026” DO CONCELLO DE OZA-CESURAS PARA ESTUDANTES UNIVERSITARIOS e/ou CICLO SUPERIOR DE FP.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:**

- DNI, pasaporte, NIE.
- Resgardo da matrícula do curso 2025/2026.
- Compromiso de continuidade de estudos no ano 2026/2027 -agás que no curso 2025/2026 se estivese matriculado no último ano dos correspondentes estudos-.



- ☐ Certificado do núm. de conta bancaria a nome do beneficiario onde realizar o ingreso da axuda.
- ☐ Certificado acreditativo de carecer de antecedentes penais por delitos sexuais.

Asimesmo **DECLARO que:**

- 1º- A documentación achegada para a participación no programa é exacta e fiel ás miñas circunstancias actuais, tanto persoais.
- 2º- Comprométome a conservar a documentación orixinal durante un período de 4 anos.

En Oza-Cesuras, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_\_\_

O SOLICITANTE,

Asdo.- \_\_\_\_\_



## ANEXO II

### COMPROMISO DE CONTINUAR OS ESTUDOS NO CURSO ESCOLAR 2026/2027

(a cubrir por todos os solicitantes agás os que no curso 2025/2026 estivesen matriculados no último ano dos correspondentes estudos)

Eu, don/dona \_\_\_\_\_  
con DNI núm. \_\_\_\_\_, veciño/a de Oza-Cesuras

#### COMPROMÉTOME A:

Continuar os estudos conducentes á obtención da titulación universitaria ou no seu caso o título FP superior de

\_\_\_\_\_ no  
vindeiro curso escolar 2026/2027.

Oza-Cesuras, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 202\_\_

Asdo.- \_\_\_\_\_

